

Acordo do 24 de xaneiro do 2025 dos tribunais encargados de cualificar o proceso selectivo convocado, mediante o sistema de concurso-oposición, pola Resolución do 30 de novembro do 2023 (DOG nº 230 do 4 de decembro do 2023) para o ingreso como persoal laboral fixo da Corporación, polo que se establece o lugar, data e hora de realización da proba tipo test correspondente ao proceso que se cita.

En sesión conxunta que tivo lugar o día 24 de xaneiro do 2025, os tribunais nomeados pola Resolución do 29 de xaneiro do 2024, do Director Xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A. para cualificar o proceso que se cita na cabeceira

ACORDARON

Que a proba tipo test correspondente a todas as categorías convocadas terá lugar o día **15 de febreiro do 2025**, en chamamento único que se iniciará ás **9:00** horas, na **Facultade de Dereito da USC** (Campus Vida, Avda do Doutor Ángel Jorge Echeverri S/N, Santiago de Compostela).

As persoas aspirantes deberán presentarse provistas do seu NIF, NIE, pasaporte, permiso de condución ou calquera outro medio que a criterio do tribunal acredite a súa identidade, bolígrafo negro ou azul.

As persoas aspirantes que precisen a utilización de audífonos ou outras próteses auditivas deberán acudir provistos dun informe médico que acredite a necesidade do seu uso.

Non se permitirá a entrada ás aulas con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes, ou outros instrumentos destas características, que se poidan utilizar para axudarse na realización da proba. Non se habilitará ningún servizo de recollida deste material, polo que será de conta da persoa aspirante a súa custodia fóra das aulas).

Publicarase unha listaxe posterior coa aula que lle corresponda a cada categoría.

San Marcos, asinado dixitalmente

A presidenta do tribunal (titulado/a medio/a, documentalista, analista programador/a, auxiliar advo/a e almacenista)

O presidente do tribunal (redactor/a, realizador/a, técnico/a electrónico/a, técnico/a control e reporteiro/a gráfico/a)

Elisa Pais Varela

José Soengas Pérez